

Historia de Galicia, educación e construción nacional

ANTÓN COSTA RICO
Universidade de Santiago

Enfrontado coa tarefa de presentar, a modo de ensaio, unha reflexión sobre as posibles aportacións da educación familiar, pública e privada á definición do imaxinario colectivo dos galegos e das galegas no senso de identidade nacional e da súa vivencia, quizais a primeira cuestión que se suscita é a de esclarecer se Galicia é unha nación; esclarecer se os galegos e as galegas teñen o sentimento e a conciencia de pertenza a un grupo humano, antropolóxica e sociolóxicamente falando, con rasgos e sinais identitarias específicas; esclarecer se ese posible sentimento e conciencia se expresou historicamente; se existe, e, se alcanza plasmacións a modo de construción nacional, das que podan derivarse consecuencias para o futuro de Galicia e dos seus cidadáns.

Acolléndonos a algunhas das recoñecidas conceptualizacións sobre o ser nacional elaboradas desde diversos ámbitos no presente século, que aluden á existencia dun grupo humano estable nun contexto territorial determinado, no marco do que ese grupo define, plasma e modula unha lingua propia, rasgos culturais específicos, relacións sociais internas, rasgos asiolóxicos particulares e sentimentos de pertenza a unha sociedade específica, de tal modo que se poda falar dunha historia particular compartida, con diferencias e lindeiros a respecto de outros grupos e comunidades, que poda conducir a unha, cando menos, específica articulación da vida social, económica e política, entón hemos de sinalar que Galicia é unha nación, ou se se quere mellor, unha nación sen Estado ou con pouco Estado, o que ven sendo denominado como nacionalidade. A estora Galicia sería pois unha nacionalidade.

Se, en cambio, alén das notas definitivas aludidas, nos interesamos sobre a conciencia nacional dos galegos e galegas como estado e mentalidade colectiva conducente a unha nidia e dintornada proxección política desa conciencia, observable nas institucións políticas propias e nas actuacións conducentes á articulación plena e soberana da súa vida social, a resposta xa non resulta tan evidente.

Certo é que o 28 de xuño de 1936 o plebiscito popular foi enteiramente positivo a favor de

Galicia como Comunidade Autónoma, logo dunha campaña política promovida polo Partido Galeguista e finalmente apoiada polo conxunto das organizacións políticas que conformaron o Frente Popular, pero non é menos certo que a votación á que se someten o novo Estatuto de Autonomía de Galicia no 1981 contou cunha considerable abstención, que cabe interpretar correctamente como non sabe / non contesta, na segunda posibilidade histórica recente que os galegos tiveron de expresar o que pensan e queren sobre o presente e o futuro de Galicia.

Na actualidade existen signos inequívocos que aluden á vontade nacional, expresados por sectores sociais significativos, pero a colleita de votos das forzas políticas que se reclaman soberanas ou que se mostran partidarias de agrandar a capacidade de actuación autónoma e/ou soberana dos galegos é reducida, quizais non superior ao 20% da totalidade dos votos emitidos, sendo moi reducido o crecemento desta porcentaxe nos últimos quince anos. Hai por outra parte signos contradictorios como poden ser que a administración municipal dunha moi importante cidade de Galicia sexa efectivamente contraria aos avances da galeguización lingüística, ou que a Xunta de Galicia sexa gobernada por maioría absoluta por un partido político conservador presidido por quen foi noutroa Ministro con Franco, abandeirado da "españolidade" e contrario á elevación do estatus da lingua galega, en cambio, xestor político hoxe do desenvolvemento da normalización de tal lingua, anque desde a perspectiva do logro - científica e sociolingüísticamente infundado- do bilingüismo equilibrado.

Estes datos contradictorios, asentados ademais na expresión política democrática, deben ser clarificados para que poidan ser comprensibles.

Cómpre, para tal, referirse a historia de Galicia.

1. Galicia: un espacio historicamente delimitado entre o reino Suevo e a división provincial de Javier de Burgos

Cando os Suevos lle dan carta de natureza ao Reino Suevo a partir do ano 429 delimitan un amplo territorio altamente coincidente coa

provincia romana da Gallaecia organizada en tres conventos que teñen como eixos centrais os nucleos humanos de Bracara (Braga), Lucus (Lugo) e Astúrica (Astorga) e sitúan a Corte en Bracara. Aquela Gallaecia correspóndese coa actual Galicia e exténdese ao norte de Portugal ata Porto e o Río Douro, e a boa parte do territorio actual das provincias de Zamora, León, Palencia e Asturias. Naquel espacio artículábase tamén a Igrexa Bracarense con se metropolitana en Braga. Aínda que a partir do 585 se inscribe con autonomía política no reino hispano-visigótico, séguese consolidando o espacio como "galego", ata que na primeira metade do século VIII as ameazas das invasións arabs obrigan a abandonar Braga como cabeza eclesiástica, co seu traslado ás terras de Lugo, e tamen Astúrica, con fuxida ata o norte de Asturias. Esgállase así o territorio de Galiza, mentras que os galegos asturienses que se refuxian entre os Picos de Europa e o Cantábrico dan paso a unha Corte real en Oviedo, co apoio das xentes que permanecen no que é a actual Galicia.

Desde finais do século IX os reis de Asturias, que o son asimesmo do máis amplo territorio de Galicia, por momentos son tamén en exclusiva Reis de Galicia. Así temos a Alfonso III, a Ordoño II, que traslada a corte a León no 914 (o que permite falar do Reino de León), a Sancho Ordoñez, a Bermudo II, que a finais do século X será coroado rei na Catedral de Santiago -xa centro de peregrinación-, ao rei García coroado no ano 1065 como rei de Galicia e dos territorios do norte de Portugal, ou a Afonso Raimunde, coroado no 1111, denantes de ser rei de León -con inclusión de Galicia e Portugal- como Alfonso VII.

Un rei, coma outros, educado en Galicia, en galego, ademais de en latín, que gobernará León, Galicia e Castela ata o 1157. Mentras, no Condado Portugués sometido á superior autoridade galega, un seu primo, Afonso Enríques con nobres portugueses e galegos revoltábase constituíndo en tal Condado o reino de Portugal, recoñecido no 1139. Perdida a anterior integridade territorial de Galicia, aínda boa parte da nobreza galega seguiría tendo un forte protagonismo na Corte de León ata o ano 1230 en que un novo rei, como Fernando III, realiza a unificación definitiva de León, Galicia e Castela.

En todo este tempo dos séculos XII e XIII a fortaleza galega é notable. Galicia ten un momento de esplendor que se manifesta tamén no terreo literario. Os códices **Historia Compostelana** ou o **Calixtino**, os **Cancioneiros galegos**, as **Cantigas** de Alfonso X que emprega o galego, anque impulsa o castelán, a presenza de ilustrados clérigos galegos nas Universidades de

Bolonia e París, o alcance metropolitano da Igrexa Compostelana que se estende a parte de Galicia, a Zamora, a Salamanca, a Ávila, á Extremadura e a todo o Alentejo portugués ata Lisboa, cinco catedrais e 200 igrexas románicas construídas durante o século XII... son expoñentes deste esplendor. Mesmo co apoio da Igrexa Compostelana nace a primeira Universidade hispánica en Salamanca no 1218 no Reino de León.

Sen embargo, a partir da fusión de Castela con León (a. 1230) Galicia comenará a perder importancia. Así, Alfonso X inflúe para que o arcebispo compostelano sexa o abade bieito de Valladolid, convocará cortes preferentemente en cidades do anterior Reino de Castela e introduce en Galicia xentes da súa confianza que empregaban o castelán en pugna co galego utilizado polos concellos galegos. Andando o tempo, cando estala a guerra civil en Castela (1366-69) arredor da sucesión na Coroa entre os partidarios do lexítimo Pedro el Cruel e do seu irmanastro Henrique de Trastámara, a nobreza galega opta maioritariamente por Pedro el Cruel, quen finalmente é derrotado, a pesar de contar tamén co apoio do poderoso señor portugués Alvar de Castro -da nobreza galega dos Castro-. Henrique II reducirá a tradicional nobreza galega, dando postos en Galicia a nobres casteláns da súa confianza (os Osorio, Andrade, Sarmiento, Soutomaior, Ulloa...) que proceden a efectuar unha violenta colonización de Galicia, ao tempo de aclimatare aquí. Fan un exercicio autoritario do poder señorial contra o campesiñado, os burgueses e a Igrexa, que traerá como consecuencia as guerras irmandiñas ("Deus fratesque Gallaeciae"), chegando a vencer estes sectores no 1469, ata o punto de conquistar derrubar 130 fortalezas, anque logo de novo o control volve a unha parte desa agresiva nobreza, ata que por fin co apoio de raíña Isabel, esa nobreza leiga queda aplacada, para pasar o control señorial de Galicia ás mans da Igrexa, fidel á Coroa de Castela. Este apoio da autoridade real a uns señores mais benignos trasmite a imaxe de que tal autoridade, que é exterior e foránea, apoia aos sectores non hexemónicos interiores en contra da nobreza de "forca e cuitelo", que será sometida á "doma y castración" no dicir de Zurita. E, ao tempo, Galicia fa integrándose na política da Coroa e quedando acéfala e sen sectores dirixentes propios.

Esta política profundízase pola vía do nomeamento de bispos e arcebispos, de abades e de priores, de correxedores e dos membros da Real Audiencia ou Tribunal de Xustiza do Reino de Galicia. Só restará como pequena capacidade

de intervención galega interior a celebración de Xuntas do Reino de Galicia a partir do 1599, coa participación de deputados electos polas cidades capitais das sete provincias do Reino, un tempo que vai ata 1830.

A atracción da nobreza galega cara a corte, as reformas eclesiásticas centralizadoras que afectan moi duramente á Igrexa regular (bieitos e cistercienses, dominicos, ...) e que traen como consecuencia que os cargos eclesiásticos recaian sistematicamente en xentes non galegas, van ser, como dicimos, elementos que provocarán a profundización da dependencia política de Galicia. A coroa gobernaba desde fora; a mobilidade ascendente da nobreza galega só resultaba posible ao situarse ao dispor da coroa, como así ocorreu en diversos casos; os señores eclesiásticos -entre os anos 1600 e o 1840 só se contabiliza por exemplo un 12% de bispos en Galicia oriundos deste territorio- entran en Galicia acompañados de séquitos da súa confianza que se farán donos de beneficios galegos, todo o que explicita esa dependencia aludida.

Haberá que agardar aos tempos da Ilustración para que os acontecementos se tornaran algo máis favorables aos intereses do corpo social galego, aunque sen poder chegar a reconstituir unha órbita política, social e económica "galega". Chegamos así ás portas do século XIX.

2. Os séculos XIX e XX

Principia o século XIX en pugna contra os franceses da man sobre todo dunha fidalguía proclive ao Vello Réxime, ante a ameaza dos seus intereses. A súa veira estarán o conxunto dos sectores eclesiásticos, os mesmos que deixan ouvir a súa voz nas Cortes de Cádiz en contra da abolición da Inquisición, a pesar de ser Galicia unha das terras hispanas onde esta menos actuou.

Pasado o vendaval, entre as cinzas quentes dos poucos afrancesados e ilustrados e nos pequenos contextos urbanos van aparecer senón amplos sectores sociais favorables ao liberalismo, si en cambio, personalidades moi destacadas, quen integradas dentro dos sectores liberais españois e co seu apoio van librar unha dura batalla ideolóxica, social e política contra os sectores detentadores dos resortes de poder en Galicia: conservadores -aunque non ultramontanos-, restauracionistas e antiilustrados. Mesmo a estes sectores conservadores se uniría finalmente, logo de ter militado no liberalismo, a burguesía comercial da Coruña, economicamente derrotada e que decide por fin incorporarse ao estado de cousas debuxado pola fidalguía.

Andando o século, cara a 1846 hai que rexistrar por vez primeira unha toma de posición

rexionalista, saída das fileiras liberais, urbanas e laicas. Esta triada de características marcará ata o presente a evolución de tal rexionalismo, a través das súas diversas expresións federalistas, autonomistas, nacionalistas ou independentistas.

Anque máis tarde que noutros contextos, o liberalismo económico e o político acaban imponéndose tamén en Galicia. Da súa man abrese unha xeral modernización paulatina da sociedade galega, da que non é allea como factor propiciador a riada e- migratoria que en particular desde os anos sesenta se canaliza cara a América, ante a non constitución dun mercado interior e dun proceso industrializador galego. Os réditos da emigración, alén da modernización e tamén da intensa problemática social acarreada, foron un factor máis de españolización de Galicia. A modernización desde o punto de vista económico non levou tanto á creación dun modelo económico de desenvolvemento, canto á decidida integración no mercado económico e financeiro español.

Sen dar lugar ao nacemento e consolidación dunha nova burguesía económica con azos para ser protagonista dun proceso propio de desenvolvemento económico, quizais nalgunha medida debido á orixe non galega dunha parte consistente de tales sectores burgueses. Xa a finais da segunda metade do século XVIII o compoñente maioritario da burguesía da cidade da Coruña era de orixe norteño, castelán ou catalán. Agora, ás portas do século XX volvía a ocorrer algo similar.

De tal modo que a modernización quedou ligada a mecanismos de dependencia económica e política, acompañada de outros culturais e lingüísticos, dificultando o crecemento, a consolidación e a maduración do discurso e das prácticas de galeguización da sociedade, bandeira ésta, por outra parte, non asumida polos restrinxidos sectores obreiros, maniatados de modo maniqueo polo internacionalismo proletario.

Cando, logo de varios intentos non exitosos, por fin o galeguismo comenza a ter base social, entre sectores republicanos urbanos -as clases medias- e entre unha parte do campesinado organizado, sen faltar á cita algúns patricios fidalgos, eran xa os anos 20. Ás portas da Dictadura de Primo de Rivera. De tal modo que aínda se demorou algo máis o nacemento da expresión política máis recoñecible: o nacionalista Partido Galeguista, nado no 1931, xa instaurada a IIª República. O Partido político no que militaron Castelao, Otero, Bóveda, os Vilar Ponte, Risco, Cabanillas... que conduce o proceso autonomista galego ata o Plebiscito positivo do Estatuto de Autonomía o 28 de xuño de 1936, coa colaboración das outras forzas políticas integrantes da Frente Popular.

O caso é que moi poucos días despois, o golpe militar franquista trunfaba en Galicia, mediante un control rápido dos cuarteis e non sen antes ter procedido a fusilar en Galicia, xunto a outros, a militares de alta graduación e de obediencia republicana.

Entre outras consecuencias negativas, seguiu un ataque insidioso e inmisericorde aos signos de identidade galega xulgados contrarios ao concepto de "españolidade" deseñado polos franquistas; un ataque que logo da violencia primeira externa e ben visible adoptou unha vía de colonización do imaxinario colectivo, precipitando o agravamento extremo do sentimento colectivo de complexo de inferioridade por parte de aqueles que falaran normalmente e en exclusiva a lingua de Rosalía de Castro; a burla e a postergación dos galego-falantes e os balados desta caste postos á mobilidade social ascendente ao longo de varias décadas, teñen provocado, creo eu, un funcionamento non equilibrado na psique colectiva galega.

Por outra parte, o franquismo tamén en Galicia conquireu terminar cos núcleos de oposición partidaria política aínda perviventes na fronteira dos anos 50 e algo mais tarde cos restos moi mermados do que fora o maquis galego. Así as cousas, a reconstrucción das forzas democráticas opositoras ou réxime iniciada nos primeiros anos 60 fíxose practicamente desde o interior e sen engarce coas xentes da IIª República. Só algúns enlaces ficaron con América e con París. Infelizmente, a non existencia dun Goberno Autonómico no exilio e a morte do "Consello de Galicia" con sede en Buenos Aires tronaron unha continuidade, con efectos negativos na reconstitución do tecido democrático observables na maior precariedade e inexperiencia de tal tecido, aínda así moi activo desde os primeiros anos 70, ás portas xa do inicio da transición política.

Nestas circunstancias se chegou á posta en marcha do proceso autonómico galego.

Catorce anos de autonomía política, á que se chegou en boa medida máis por herdanza que por protagonismo social político no presente, por parte dun pobo con deteriorada saúde antropolóxica e psicolóxica non foron, non son, aínda o tempo preciso para curar ás feridas interiores e para endereitar o futuro colectivo. Este escenario marca sen dúbida o presente e as perspectivas do desenvolvemento lingüístico que se debate entre a normalización e/ou a substitución da lingua galega, debéndose sinalar que arredor da cuestión da lingua se xogan tamén outras batallas, entre elas a da educación democrática.

3. Breve apunte sobre os rasgos da historiografía de Galicia

A historiografía galega tivo un reducido desenvolvemento. Houbo sen dúbida algunhas aportacións durante o tempo do Antigo Réxime, pero debemos agardar sobre todo a mediados ou mellor a finais do século XIX, para que se empezara a abordar con algun rigor a historia de Galicia por parte de historiadores e arquivistas armados co positivismo metodolóxico.

Houbo que agardar aínda aos anos 70 para que tivera lugar unha notable floración de estudos históricos, que incorporan o enfoque da historia social, a valorización da historia económica, ou que mesmo toman en consideración tópicos propios da historia cultural. Con todo, a predominancia da parcialidade de análise sobre a integración de enfoques, ten limitado a capacidade interpretativa de tales estudos.

Estamos a facer mención en particular á existencia de dúas orientacións sólidas de estudo, incomunicadas ou insuficientemente comunicadas entre si: os traballos de historia económica e os relativos á historia política elaborados en clave nacionalista, atendendo preferentemente ademais a momentos distintos do desenvolvemento histórico de Galicia. O resultado global é o dunha historia que acentúa ás realidades económicas con minusvaloración de outras realidades, ou por contra, unha outra historia que acentua o discurso nacionalista que marca a oposición Galicia-España e galegos-españóis, ao tempo que silencia ou reduce ás realidades de integración, obxectivamente existentes alén dos mecanismos de dependencia política.

Fora do expresado, os estudos históricos teñen avanzado moi amplamente. Aínda así, faltan estudos que aborden a complexidade social e cultural en que Galicia se desenvolveu a partir do século XVI, e que nos permitan formular esquemas interpretativos de superior alcance cós que na actualidade están á nosa disposición.

4. Notas sobre a historia da educación e da cultura escrita.

Diversos e apreciables datos son indicio de que Galicia foi durante o Reinado Suevo unha sociedade con vigor literario e cultural; unha sociedade aberta á comunicación cultural co mediterráneo. Mais todo da a entender que coa integración na monarquía visigótica se reduciu drasticamente aquela importancia cultural, debéndose esperar a finais do século XI para ver surxir en Compostela un foco cultural e literario de alta importancia durante o século XII. Un século que da man do Arcebispo Xermirez será

fundacional culturalmente falando para toda Galicia.

Como centro de pelengrinación, coa súa escola de gramática catedralicia e coa incorporación de clérigos cultivados, literariamente falando, procedentes de Francia e de Italia, terá irradiación sobre toda Galicia.

De Santiago saíran clérigos para amplíar os seus horizontes culturais en Bolonia e en París, e a súa volta, virán para Santiago, para Porto, para León, para Salamanca, onde non son en absoluto alleos ao nacemento da Universidade. Isto ocorre así no século XIII.

Segundo vai debalando o século, sen embargo, comenza a reducirse esta dimensión cultural, atemperada só pola incorporación das outras Igrexas catedrais galegas. Mentras tanto está a froecer a lingua galega xunto á latina, de tal modo que, a lingua que se fará predominante na documentación civil e eclesiástica pública como privada durante os séculos XIII, XIV e ata mediados do século XV será a galega, en conflito crecente co romance castelán que é o que finalmente se vai impor mercede á progresiva perda de peso político que Galicia padece. A predominancia lingüística do castelán como rexistro escrito culto termina por decantarse ás portas do século XVI en tempo de humanistas e de Renacemento, baixo o reinado de Isabel I de Castela.

Pouco máis tarde, a recomendación tridentina favorable ao emprego -oral e escrito- das linguas vernáculas será interpretada pola Igrexa de Galicia, gobernada maioritariamente por non galegos, a favor do castelán, que comenza a usarse no rezo, nos catecismos escritos e no canto -a diferenza do que felizmente aconteceu en Catalunya e en Euskadi-, o que se vai traducir moi negativamente para a lingua galega, aínda sen embargo a lingua única da maioría da poboación. O castelán avanzaba como lingua decididamente utilizada por aqueles que dispoñen de algun tipo de capacidade directiva en Galicia, mentras o galego permanecerá no ámbito da oralidade, usado por parte dunha poboación que, en todo caso, aprecia cada vez con máis claridade que a mobilidade social ascendente vai unida ao dominio do código castelán en substitución do código orixinal galego.

A reacción a este estado de cousas tardará en chegar, debéndose agardar ata os anos 60-70 do século XIX para observar unha reacción de recuperación da lingua galega no seu uso escrito e como rexistro culto.

Noutra orde de cousas, a partir da creación dun colexio de Gramática no 1495 en Compostela, e mediante accións complementarias, por fin no

1526 nacía a posibilidade máis certa de Universidade, definitivamente consolidada no 1577. En todo este tempo e ata fins de século creanse cátedras de Gramática e Humanidades en diversos lugares de Galicia, así como tres notables colexios de xesuitas (aos que se sumarían outros tres durante o século XVII), dous Seminarios, un Colexio de Orfas, varios colexios bieitos de filosofía, entre outros, mentras algunhas vilas creaban a súa escola municipal.

Nese mesmo tempo pódese falar dun sector minoritario da nobreza preocupado pola cultura escrita; pódese falar tamén do influxo tridentino nos novos bispos de Galicia e nas súas constitucións sinodais, nas que se afirma a necesidade da formación do clero; no mesmo século XVI temos tamén algunhas personalidades destacadas, entre elas varios mariños descubridores de terras, varios xeógrafos -saídos sobre todo de Pontevedra-, algún humanista e algun home de leis.

O século XVII e mesmo o XVIII na súa primeira metade manteñen continuidade co que vimos de sinalar para o século XVI. Aquí e acolá -nas vilas- aparecen ou continúan existindo cátedras de gramática e humanidades, os franciscanos e os dominicos aumentan o número de cátedras de filosofía e de teoloxía, anque sempre viradas para a escolástica, impermeables antes as novidades do pensamento. No século XVII aparece a creación de escolas primarias como un fenómeno novo, alcanzando no século XVIII unha dimensión apreciable segundo os datos aportados polo Catastro de Ensenada. Para o período podense contar tamén diversos escritos teolóxicos e filosóficos. E seguen apuntándose os nomes dalgúns navegantes informados nos seus coñecementos.

O século XVIII desde os seus inicios rexistra a acentuación cuantitativa desta panorámica. Hai que falar agora tamén da existencia dalgúns colexios femininos e dalgúns ilustres xesuitas galegos que desenvolven o seu labor académico en América nos campos médico, xeográfico e das ciencias naturais. A tendencia será de franca progresión ao longo da segunda metade do século. Desde o 1770 existe en Monforte un destacado Real Seminario de Estudos, os Agustinos sosterán un destacado Colexio na Coruña, alí onde o Consulado do Mar mantén abertas varias cátedras científicas, en Ferrol funciona a Escola de Guardas Mariñas, de onde vai saír unha interesante fornada de mariños con considerables coñecementos matemáticos, xeográficos e autonómicos, prodúcese a reforma, modernización e ampliación da Universidade de Santiago; Feijóo e Sarmiento mobilizan intelixencias cos seus

alegatos, ampliábase o número de cátedras de latín e humanidades,... por todo o que se vai pechar o século XVIII cunha fasquía cultural realmente esperanzadora para o País.

Non faltan, por fin, núcleos de ilustrados sobre todo na Coruña, no Ferrol e en Santiago. E canda eles chegamos ao século XIX. Pronto, os núcleos e resortes reaccionarios paralizarán este proceso, no contexto do tradicionalismo monárquico de Fernando VII. Neste marco dunha sociedade dependente, desnacionalizada e desarticulada como era a galega, aínda houbo lugar para a expresión cultural e educativa do liberalismo. Falamos dos anos 30 e das décadas sucesivas.

Cómpre sinalar a este respecto que a Universidade de Santiago se tornou un atractivo laboratorio no campo do desenvolvemento médico, físico-químico e das ciencias naturais; un laboratorio con figuras que trascenderon o espazo xeográfico galego. E coubolle a honra a varios galegos de ser ministros -nos gobernos de Isabel II-, responsabilizados da posta en marcha do sistema educativo liberal español, aunque non chegaran a ser os seus ideólogos ou pedagogos.

Naquel período foise poñendo en pé a educación pública en Galicia, coa conseguinte creación constante, aunque lenta, de escolas primarias e de maxisterio, de institutos, de escolas artes e oficios, de comercio e de náutica, xunto ao tamén paulatino desenvolvemento da Universidade de Santiago. Un sistema que, unha vez asentado, foi coñecendo unha constante ampliación ata os tempos últimos da IIª República española, non exenta sen embargo de limitacións e deficits ben apreciábeis.

Entre tanto e desde finais do século XIX son tamén outras as dinámicas que se poñen en marcha: a edición de libros de texto e de xornais e revistas dos profesores e para o profesorado -infelizmente sempre en castelán-, a celebración de varios congresos e encontros pedagóxicos, a creación de escolas a cargo dos emigrantes galegos en América, facendo de moitas delas centros de nova pedagogía en sintonía tanto coas orientacións americanistas canto con aquelas outras preconizadas pola "Institución Libre de Enseñanza", a constitución de ensaios seguindo as perspectivas do movemento das Escolas Novas europeas -recoñecidas directamente por varias decenas de profesores galegos que as foron visitar e coñecer-, a celebración de colonias escolares a aparición de centros escolares atentos a impartir unha formación agraria ou marítima segundo o seu contexto, a presenza do laicismo escolar ferrerista, a constitución e avance nos movementos societarios do profesorado que logo irían fraguar como expresión sindical, a dotación e

o equipamento infraestructural e didáctico do que fan gala algúns centros especialmente urbanos... Son todos elementos reveladores de que a reforma, a innovación e a actualización son rasgos incorporados -anque non xeneralizados- ao interior da rede escolar e educativa de Galicia; rasgos todos eles que se acentuaron durante a IIª República.

Unha vez máis, o franquismo significou unha ruptura xeneralizada de todas as anteriores tendencias de desenvolvemento. Un desandar camiños duramente construídos. Un tempo escuro e o suficientemente extenso como para esborrallar a memoria de conquistas anteriores, que foran fráxiles e non consolidadas.

E así foi como arribamos a actualidade.

En certo modo, o que hoxe se constrúe é novo, do trinque, e ten mesmo as pexas da desmemoria e da ruptura da continuidade histórica. O que hoxe se constrúe ten moito que ver coa reforma, coa innovación e coa galeguización educativa, en pugna, iso si, cos elementos antitéticos deste proceso de avance.

Deixemolo aquí, non sen antes sinalar que -involuntariamente- o imaxinario colectivo foi adoptando unha memoria negativa e parca con respecto ao pasado colectivo. E dicimos negativa e non crítica. Con estes antecedentes, coidamos que reconstruír na mentalidade e no imaxinario colectivo imaxes necesariamente críticas, pero desexablemente máis positivas e afortunadamente acordes coa obxectividade histórica é un dos empeños do presente. Un empeño duro e complexo polo que significa de enfrontamento e de combate aos aspectos non racionais, cuasi fantasmagóricos que encancelan a capacidade racional colectiva de ollar, analizar, interpretar e valorar o noso pasado e o noso presente socio-cultural.

5. Historia da educación: balance historiográfico

É plausible pensar que este entangarañado imaxinario colectivo ten mesmo operado negativamente a hora de abordar a historia educativa e cultural do País.

Quérese dicir que ata os actuais anos 70, alén de confeccionar á historia da Universidade de Santiago e das ordes relixiosas franciscana e dominicana, a historia educativa de Galicia quedou recluída no detalle ou na anécdota en canto aos tópicos de estudio, eivada por outra parte de calquera consideración próxima á cuestión da construción nacional.

Sen embargo, nestes últimos 25 anos as cousas teñen cambiado substancialmente; ou mellor, nos últimos quince anos, ata o punto de que a

historiografía educativa está a acadar un volume, interese, calidade e produtividade con peso crecente dentro da historiografía de Galicia.

Desde a análise cuantitativa falamos nos actuais momentos (ano 1995) dun total de algo mais de 250 unidades documentais de investigación e difusión histórico-educativa, das que 61 están conformadas por libros -34 deles editados desde 1985- e 190 por traballos en revistas especializadas, en Actas de reunións científicas e noutras publicacións. A parte maioritaria desta produción documental foi elaborada por un conxunto de seis investigadores no pasado e por uns dez no presente, debéndose sinalar que 12 autores escribiron o 50% do total documental aludidos.

O 75% das unidades foron editadas en Galicia, ocupando entre elas un lugar crecente as escritas en lingua galega. Foron editadas antes de 1936, 19 das unidades documentais; 31 o foron entre 1937 e 1970, 71 delas entre o 1971 e 138- algo máis do 50% do total -entre 1985 e 1995.

A produción editada ata 1984 atendía fundamentalmente a cuestións histórico-educativas encadradas no Antigo Réxime, mentras que a partir de 1985, o 77% das unidades atenderon a asuntos da historia escolar e educativa contemporánea, moi focalizadas arredor do mundo da escola primaria.

Estamos ante unha temática ampla e diversa. Escasean os trazados de grande alcance, deixando paso en maior medida a monografías, apuntes e notas. Entre os asuntos abordados, ademais dos aludidos, podemos enumerar: as ordes relixiosas dos xesuítas, dominicos, franciscanos e mercedarios e a educación; a formación clerical e os seminarios; a formación pedagóxica dos mestres; a ILE e a súa resonancia en Galicia; a prensa pedagóxica; as actividades extraescolares; o racionalismo e o laicismo escolar; a escola e o mundo rural; as escolas creadas polos emigrantes; a administración secundaria e a educación feminina.

A decantación de estudio atendeu en maior medida as teorías e ás institucións educativas mais que ao estudio dos actores e das prácticas educativas. É mester -como programa de traballos- elaborar monografías atentas ao estudio do interior das institucións e centros de educación, atendendo particularmente aos privados e relixiosos e aos seus públicos, e realizar estudos de microhistoria atentos á perspectiva local comarcal.

As biografía, as experiencias de educación popular, a educación de párvulos, a educación especial, a historia da infancia, as Escolas Normais, as de Artes e Oficios, os Institutos de

Bacharelato e as súas clientelas, así como diversos aspectos formativos relacionados coa educación sanitaria escolar, a educación moral e cívica e os medios e recursos didácticos, cubren sustancialmente o abano temático precisado de estudio. Atendendo ao coñecemento dos momentos históricos, parecería oportuno abordar en maior medida o Antigo Réxime, o momento de tránsito á España liberal e tamén o franquismo. Ante tal programa cumprirá atender e explotar analíticamente novas fontes documentais e mesmo reexaminar outras xa utilizadas.

Con respecto a enfoques e modelos historiográficos podemos poñer de manifesto que xa se realizou o tránsito desde un simplificado positivismo cara ao modelo da historia social, sendo observable a preocupación pola abordaxe contextual dos problemas históricos cun afán interpretativo globalizador, así como unha máis recente apertura a novas temáticas e categorías tal como suxiren os enfoques da nova historia.

O impulso xeral de estudio histórico observable en particular nos últimos quince anos está relacionado co desenvolvemento xeral dos estudos históricos en Galicia, no escenario sociopolítico de recuperación da autonomía e de apertura colectiva favorable á construción nacional e ao desenvolvemento da identidade cultural e lingüística. Complementariamente debe ser tamén explicado a través da presenza dos estudos pedagóxicos universitarios, a partir dos anos 70, co trasfondo do desenvolvemento xeral da educación e do pensamento pedagóxico en Galicia.

Evitamos na presente ocasión as referencias ao apartado crítico, debido ao ton ensaístico do presente documento. Polo seu carácter de síntese autorizada mencionamos como referencias bibliográficas relativas á historia de Galicia as seguintes:

VILLARES PAZ et alii, *Textos e Materiais para a historia de Galicia*, Crítica, Barcelona.

VILLARES PAZ, *A historia*, Galaxia, Vigo. Existe tradución española a cargo de Alianza Editorial.

CARBALLO, F. et alii, *Historia de Galicia 1-2*, De. A Nosa Terra, Vigo.

Unha análise demorada da historiografía educativa de Galicia pode verse en:

COSTA RICO, A., "A historia da educación en Galicia. Notas para unha revisión historiográfica", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 106 (1993-94) 221-243, e

COSTA RICO, A., "La historia de la educación en Galicia. Balance historiográfico", (en prensa).

ABSTRACTS

Història de Galícia, educació i construcció nacional

Des d'una positura nacionalista -Galícia és una nació-, l'autor dibuixa un ampli recorregut històric que es remunta al començ de l'Edat Mitjana i a través del qual es detecten els diferents esforços de castellanització de la cultura i de la colonització de l'imaginari col·lectiu gallec (Alfons X, actitud de l'església després de Trento, polítiques centralistes, etc.). Amb tot, a partir del segle XIX s'observa l'aparició d'una actitud regionalista, a redós del sorgiment d'una burgesia liberal, urbana i laica, que l'any 1931 crea el Partido Galeguista promotor de l'efímer èxit de l'Estatut d'Autonomia gallec aprovat el 28 de juny de 1936, pocs dies abans de l'aixecament militar de Franco. Seguidament s'apunta el lent despertar de la consciència nacional gallega -durant els difícils anys del franquisme-, bo i assenyalant els processos de recuperació historiogràfica que s'albira tant a nivell general com pel que fa a la història de l'educació.

Historia de Galicia, educación i construcció nacional

Desde una posición nacionalista -Galicia es una nación-, el autor traza un amplio recorrido histórico que se remonta al comienzo de la Edad Media y a través del cual se detectan los diferentes intentos de castellanización de la cultura y de la colonización del imaginario colectivo gallego (Alfonso X, papel de la Iglesia después de Trento, políticas centralistas, etc.). Ello no obstante, a partir del siglo XIX se observa la aparición de una actitud regionalista gestada al socaire de una burguesía liberal, urbana y laica, que el año 1931 creó el Partido galleguista y que promovió el efímero éxito del Estatuto de Autonomía gallego aprobado el 28 de junio de 1936, pocos días antes del levantamiento militar de Franco. A continuación se apunta el lento despertar de la conciencia nacional gallega -durante los difíciles años del franquismo-, señalándose los procesos de recuperación historiográfica que se vislumbran tanto a nivel general como por lo que concierne a la historia de la educación.

History of GALICIA: education and the building of a nation

Taking a nationalist standpoint - Galicia is a nation - the author goes back in history as far as the early Middle Ages to detect various attempts at the Castilianisation of Galician culture and the colonisation of the collective Galician imagination (Alphonse X, role of the church after the Council of Trento, centralist politicians, etc). In spite of this, from the 19th century onwards, a regionalist attitude begins to emerge, fostered by a liberal, urban, lay bourgeoisie which in 1931 created the Galician nationalist party and which promoted the short-lived Galician Statute of Autonomy, approved on 28 June 1936, just a few days after the beginning of the Franco uprising. Analysis is then made of the slow awakening of Galician national consciousness during the difficult years of the Franco dictatorship, with discussion of the processes of historiographical recovery, observed both and general level and as regards the history of education.